



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



PAUL AUSTER

A vida interior de Martin Frost

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2007, 168 páxinas

P. V. P. 13€ IVE incluído

978-84-7154-137-6



9 788471 541376

LITERATURA DE CINEMA

Por primeira vez publícase en galego o guiión dunha película que se presenta de xeito simultáneo nas pantallas. Editorial Galaxia tira do prelo ***A vida interior de Martin Frost***, o libro que recolle o guiión da última película de Paul Auster xunto cunha entrevista na que o escritor conta como se rodou o filme. A película vaise estrear no Festival de Cine de Donosti, que se celebrará do 20 ao 29 de setembro, e que ha contar coa presenza do escritor.

A nova obra de Auster ten a súa **orixe na literatura**, xa que o personaxe de Martin Frost aparece na súa novela *The Book of Illusions* (2002). O guiión conta a historia dun escritor norteamericano, chamado Martin Frost, que acaba de rematar a súa última novela e, para descansar, decide marchar de Nova York a unha casa de campo. No alvorexar do primeiro día, descobre abraiado que unha misteriosa muller está deitada ao seu carón. Fascinado pola súa beleza e intelixencia, Martin namórase dela. Quen é a estraña muller que o sabe todo da súa vida e da súa obra? É unha auténtica musa? É unha creación imaxinaria? Quen é esa muller que se introduciu na vida interior de Martin Frost?

Paul Auster volve contar unha historia sorprendente na que proceso creador, amor e imaxinación constitúen a cerna dun guiión cinematográfico que se le **coma unha novela**. Ademais, o escritor e director fala de “Como se fixo *A vida interior de Martin Frost*” nunha entrevista extensa que tamén se inclúe no libro.

Pola súa banda, **a película**, que se rodou en Portugal, está protagonizada polo actor David Thewlis, coñecido pola súa participación nas longametraxes *Kingdom of heaven*, *Harry Potter*, *The big Lebowski* e *Naked*, que encarna ao protagonista, e mais por Irene Jacob, que anteriormente traballou en *La Double Vie de Véronique* e *Trois couleurs: Rouge*, quen interpreta o papel de Claire. O elenco de actores complétase coa presenza de Michael Imperioli, un dos actores da serie *The Sopranos*, e Sophie Auster, a filla do escritor, que xa debutara como actriz en *Lulu on the Bridge*.

PAUL AUSTER (Nova Jersey, 1947) é un dos máis prestixiosos escritores norteamericanos actuais. Autor de novelas, ensaios, poesía, guiións e películas de cine, a súa obra é lida en todo o mundo. Entre as súas novelas máis coñecidas pódense citar a *Triloxía de Nova York* (1985-86), *Moon Palace* (1989), *Leviathan* (1992), *Mr Vertigo* (1994), *The Book of Illusions* (2002), *Oracle Night* (2004), *Brooklyn Follies* (2006) e *Viaxes no scriptorium*, estas dúas últimas publicadas en galego por Editorial Galaxia.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Avenida de Madrid 44, baixo. 36204 Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.com